

The background of the entire page is a pattern of numerous thin, wavy, olive-green lines that create a sense of movement and depth, resembling a topographical map or a stylized fingerprint.

**AU**


**E**

**SENCIAS**

**DIÁLOGOS A TRAVÉS DUNHA REFLEXIÓN SOBRE O CORPO**

**PRE**

**PROXECTO CURADOR DE IRIS RODRÍGUEZ E ALDARA UÁZQUEZ**



'Ausencias, esencias, presencias.  
Diálogos a través dunha reflexión sobre o corpo'  
Do 2 de febreiro ao 3 de abril de 2022

Proxecto curador de Iris Rodríguez e Aldara Vázquez seleccionado na modalidade de proxectos de creación artística segundo as Bases de participación na selección de proxectos de intervencións artísticas para a Zona C.

Texto curador  
Iris Rodríguez  
Aldara Vázquez

Textos artistas  
Raquel Álvarez  
Marina Aradas  
Tamara Goberna  
Andrea Mosquera  
Lucía Perdiz

Revisión lingüística  
Departamento de Lingua do Concello de Santiago

Deseño gráfico e fotografía  
Iris Rodríguez e Aldara Vázquez

Edita  
Auditorio de Galicia

Impresión  
Gráficas Anduriña

ISBN: 978-84-88484-67-3  
Dep. Legal: C279-2022



Compostela  
Cultura  
Artes visuais



CONCELLO DE  
SANTIAGO

Zona C. Punto de información cultural | Preguntoiro, núm. 1 (praza de Cervantes)

Todo este proxecto supuxo un gran reto para nós. Foi un éxito persoal levalo a cabo. Por sorte, neste proceso non estivemos soas.

Grazas ao Auditorio de Galicia, a Chus Busto, á Zona C e ao Concello de Santiago por apoiarnos e por confiar nos proxectos de xente nova.

Grazas tamén a todas as persoas que fixeron dun proxecto, unha realidade.

# ÍNDICE

**O corpo: fonte de inspiración** 4

**Entrevistas**

Raquel Álvarez 9

Marina Aradas 16

Tamara Goberna 22

Andrea Mosquera 30

Lucía Perdiz 36

**Ausencias, esencias, presencias** 38

**CV comisarias** 40



## O CORPO: FONTE DE INSPIRACIÓN

*Ausencias, esencias, presencias* enfróntanos á necesidade de reivindicar o corpo humano como elemento de reflexión e motivador da actividade artística. As temáticas relacionadas co corporal son extremadamente viventes na actualidade. As miradas das novas artistas galegas buscan amosar un corpo lonxe do normativo, reivindicando así formas de expresión distintas e moi poderosas. Esta exposición xorde da necesidade de expresar a través da figura humana, de reinventala, de amosala, de usala como vehículo condutor de coñecemento. Esta exposición está dirixida e pensada para unha nova xuventude e mocidade que quere descubrir novas formas de ser, de ver e de sentir a vida.

Na arte contemporánea atópanse numerosos exemplos de expresión corporal en distintas disciplinas artísticas: Louise Bourgeois e as súas esculturas, Hans Bellmer coas súas fotografías e debuxos, Christian Boltanski e as instalacións sobre a ausencia, as fotografías sobre deformacións de Ana Mendieta ou Ángela de la Cruz con esculturas que conteñen a figura humana, entre outras.

A arte vén de crear unha longa lista de referentes artísticos que traballan en torno ao corpóreo. Toda esta diversidade de visións poñen de manifesto que as temáticas corpóreas seguen sendo unha constante na arte e que son, ademais, necesarias: o corpo é o único espazo que habitamos enteiramente, que modificamos todos os días, e que é enteiramente noso, individual e único.

En *Ausencias, esencias, presencias* escollemos pezas de diferentes campos artísticos xa que era para nós importante amosar como distintos medios expresivos poden reflexionar xuntos sobre a mesma idea, facendo así un sentir común: de aí que haxa pezas de vídeo-creación, fotografía, escultura ou serigrafía. Estas obras pertencen a unha nova xeración de artistas femininas que crean un pensar sobre a súa propia forma de entender a corporeidade: as relacións interpersoais, o corpo posto en relación co espazo habitado, o corpo repousado, o corpo como representación do cotián e como vehículo de expresión de impulsos internos. Novas formas de ver e de sentir que esta nova xeración de

artistas emerxentes son capaces de reflectir grazas a traballos que evocan poéticas sutís, pero desgarradoras ao estaren baseadas nas propias vivencias persoais das autoras.

Cada peza, por distinta que sexa, é froito dun sentir interno, dun impulso que promove a creación. Raquel Álvarez, Marina Aradas, Tamara Goberna, Andrea Mosquera e Lucía Perdiz están aínda a rematar o último ano de Belas Artes. Na formulación deste proxecto curador era importante dar valor e voz ás que serán futuras referentes dunha xeración que aínda se está a formar e enfocar o percorrido polo primeiro e segundo andar da Zona C como espazos para reivindicar a pluralidade de enfoques que xorden baixo un mesmo teito e mais a diverxencia de camiños que se crean no mesmo centro educativo, que é a nosa Facultade de Belas Artes en Pontevedra.

Este proxecto expositivo xorde grazas ao concurso de intervencións artísticas para a Zona C, promovido polo Auditorio de Galicia e o Concello de Santiago. Como estudantes de último

curso do grao en Belas Artes, concibir e pensar esta intervención foi para nós un ilusionante reto, e unha honra sermos gañadoras do concurso na modalidade de comisariado.

Consideramos importante a existencia deste tipo de convocatorias que promoven a arte contemporánea alimentando circuitos vivos que estimulan a creación dentro de organismos educativos e o mundo artístico e expositivo. Mediante a cuidadosa selección das obras destas creadoras podemos construír unha exposición que fala do corpo como material, como creador de espazos, como expresión e como suxeito receptor dunha mirada voyeurista, facendo especial apoio nas visións dun público feminino, creando así poéticas inesperadas e xogos simbólicos en relación ás ausencias-presencias.

Aldara Vázquez e Iris Rodríguez  
Comisarias

# RAQUEL ÁLVAREZ (VIGO, 1998)

@raquel.rollos



Fotografía de Noemi Parga.

Tras estar uns anos centrada no mundo audiovisual, comeza a encamiñar eses coñecementos a unha mirada artística da man de procesos creativos máis manuais e sensoriais, sen esquecer a imaxe como un dos piares do seu traballo. Interésalle, por tanto, o tempo, o silencio, a pausa, o movemento. A temática intimista está dalgún xeito en todas as súas accións, aínda que se manifesta por diferentes camiños: dende a nostalxia, o recordo, o mundo do xogo, infantil e primitivo, ata a beleza do presente, do cotián, do amor... do amor que o invade todo.

É unha artista transversal aínda que o vídeo e a instalación son as disciplinas das que se sente máis preto.



Raquel Álvarez  
*O día que nos bicamos en Praza América*, 2021  
Fotogramas do vídeo  
Medidas variables  
Duración: 01:43:00

**Pregunta:** Aínda que poderíamos dicir que é unha artista multidisciplinaria, parece que na túa traxectoria encóntraste máis cómoda no medio audiovisual, pero... como soubeches que ese era o medio no que máis cómoda te sentías para crear?

Resposta: Para min sempre foi importante que o que fixera estivese moi conectado coa miña realidade e coa maneira na que eu miraba. Traballar co audiovisual supón para min ter a posibilidade de trasladar o meu ollo á cámara e comunicar mediante a imaxe, o movemento e o son.

**P:** É algo habitual na túa obra artística tratar as relacións entre persoas? Pensas que é un tema propio teu ou máis ben unha inquietude humana?

R: Penso que é un tema ao que recorremos diariamente con maior ou menor consciencia, deses cruces de camiños

e como estes se producen. Eu traballo moito sobre estes vínculos cun interese especial en achegar estes temas da vida cotiá que pasan desapercibidos ao seu análise e desenvolvemento na práctica artística.

**P:** Como pensas que é percibida a presenza deses corpos que ti creas no teu audiovisual?

R: Como unha unión, un encontro entre dúas individualidades, dúas intimidades que se xuntan e mesturan dun xeito difuso, creando unha figura de cores que se move a partir do movemento do bico.





Raquel Álvarez  
*O día que nos bicamos en Praza América*, 2021  
Fotogramas do vídeo  
Medidas variables  
Duración: 01:43:00

# MARINA ARADAS (A CORUÑA, 2000)

@marinaaradas



Autorretrato de Marina Aradas.

A miña obra actual artículase principalmente ao redor de dúas liñas diferentes tanto temática como procesualmente.

Por unha banda, o estudo do ornamento no contexto do espazo urbano-rural, entendendo este como un elemento máis da súa paisaxe a nivel tanto estético como simbólico, así como representativo para aqueles que o transitan.

Trato de entender estas formas ligadas ao mundo da artesanía e o funcional e atopar o seu lado poético-simbólico, representándoas mediante a repetición e a superposición obsesiva de maneira plástico-escultórica, levándoas así ao terreo das belas artes e desdebuxando esa fronteira entre o artístico e o artesanal.

Por outra banda, no ámbito do audiovisual, cámara en man, trato de crear un contido de carácter máis persoal e autobiográfico, no que se ven representadas tanto as persoas como os lugares que conforman a miña vida e producen calquera tipo de emoción en min.

En constante experimentación e distintas formas de representación, o espazo, os seus habitantes e o vínculo que se crea entre eles son o tema principal do meu traballo e o nexo común en todo o seu percorrido.





Marina Aradas  
*Mírote imaxinando o que soñas*, 2019  
Fotografía analóxica  
420 x 297 cm



**Pregunta: Cales son as túas principais inquietudes artísticas? E procesos de traballo?**

Resposta: No meu día a día como artista, enfoco principalmente o meu traballo en dúas liñas distintas tanto temática como metodoloxicamente. A primeira é de carácter máis matérico, onde mesturo pintura e escultura para representar uns procesos de deriva por distintos lugares que habito ou visito, facendo foco nas formas ornamentais que conforman a súa arquitectura, e levándoas a distintos soportes mediante a súa repetición e superposición.

Por outra banda tamén afondo no audiovisual, concretamente no vídeo experimental e a fotografía analóxica; pero desta vez cun carácter máis persoal e autobiográfico. Deste xeito, represento de maneira crúa e sincera o meu contorno e as persoas que o conforman, dando lugar un pouco a un arquivo de vida no que emocións e momentos que nese instante me provocaron algo se tornaron transcendentais e son protagonistas.

**P: Nós sabemos que estás a traballar nunha temática distinta á do corpo, pero contanos, cómo chegaches a esa vía de experimentación artística?**

R: Estaba nun proceso un pouco de distanciamento e non entendemento coa pintura. Levaba anos pintando e desfrutando de facelo, pero a meirande parte do meu traballo plástico anterior estaba bastante vinculado á academia e ás súas esixencias. Malia que facía cousas que me gustaban e creo que me representaban, non daba atopado algo que realmente me interesase tanto como para afondar máis ou seguir creando un proxecto de continuidade.

Pero chegou a materia de gravado do pasado curso (2021), no que por primeira vez realizaba un proxecto persoal máis serio e con máis liberdade á hora de crear. Empecei a traballar máis no concepto, partindo do meu contorno e das formas da paisaxe que me rodeaba, creando imaxes de carácter máis abstracto, onde se comezaba a albiscar un pouco a miña formulación de traballo actual, marcada por esas formas e a súa repetición case obsesiva.

**P: Que che atrae das persoas durmindo? Que pensas sobre elas mentres as contemplas?**

R: A verdade é que non me dei de conta desta pequena fixación ata que me puxen a revisar o meu arquivo de fotografía analóxica. Como xa comentei anteriormente, esta parte do meu traballo consiste principalmente en retratar o meu contorno e as persoas que o conforman de maneira bastante intuitiva e espontánea, segundo o que me chama a atención ou esperta algo en min no propio momento.

Neste caso facendo un pouco de análise no por que destas fotografías, penso que cando vexo os meus seres queridos durmindo desfruto de ver esa tranquilidade que desprenden, imaxino o que estarán soñando... páreceme bonito tamén o xeito no que os corpos se adaptan aos espazos nese momento, así como a diferenza entre as realidades ou ficcións nas que ambas persoas nos atopamos a pesar de estar no mesmo lugar.

A partir de aí seguí un pouco a mesma liña, chegou setembro e con el o novo e derradeiro curso (2022), comecei a fixarme nunhas formas máis concretas, ligadas á artesanía e á ornamentación (reixas, muros, pavimentos...) e púxenme a experimentar con elas. Aínda un pouco perdida, tiven a oportunidade de traballar asistindo a unha artista que tamén toca estes temas na súa obra na montaxe dunha das súas exposicións, Isabel Flores. Coñecela a ela e á súa forma de traballar foi un punto de inflexión enorme na miña carreira, a motivación e as distintas claves para encamiñar o meu traballo que me proporcionou sen darse conta foron de vital importancia e estareille eternamente agradecida.

Dende aí continúo en constante creación, experimentación e investigación con estas temáticas, proxecto no que me vexo inmersa a longo prazo.



# TAMARA GOBERNA (UIGO, 2000)

@tamaragoberna



Autorretrato de Tamara Goberna.

Ao comezar a carreira de Belas artes, comeza a amosar especial interese pola experimentación dentro dos diferentes ámbitos artísticos e ultimamente atópase inmersa sobre todo no mundo da performance, da fotografía e do audiovisual (no que destaca coa súa participación en obradoiros do festival Novos Cinemas e unha mostra no S8).

Actualmente cursa o derradeiro ano de Belas Artes na Facultade de Pontevedra. O seu traballo céntrase na indagación da identidade por medio do corpo e da maquillaxe, caracterizando personaxes que lle permiten expresar diferentes emocións e sentimentos, así como amosar e reivindicar a diversidade identitaria en relación co *queer* a través da excesiva experimentación.





Tamara Goberna  
Detalle de *Branco e en botella: Leite*, 2021  
Serigrafía  
50 x 40 cm



**Pregunta: Que é o que máis che chama a atención á hora de traballar artisticamente, a serigrafía ou o audiovisual?**

Resposta: Chámanme a atención unha chea de técnicas diversas, pero co audiovisual sinto unha especial conexión nestes intres e ao ser dixital, non palpable fisicamente, dota dun significado case efémero as miñas producións.

**P: Algunha vez falando mencionaches que as túas pezas non son do agrado de todas as persoas. Por que pensas iso? Que cres que é o que máis destaca nelas?**

R: Non creo que ningunha peza ou cousa existente no mundo sexa do agrado de todo tipo de público, pero creo que no meu caso pode ser demasiado invasiva para algunha xente a maneira coa que eu mesma me invado e rexeito as normas canónicas. Ou simplemente poden rexeitalo como unha amálgama de cores e ruídos, sen pararse a facer unha análise crítica do “eu” en primeira persoa e do suxeito autoanalizándose nesta sociedade progresivamente máis individualista e inmediata.

O que máis destaca diría que é o suxeito en primeira persoa; a experimentación;



Tamara Goberna  
*Branco e en botella: Leite, 2021*  
Serigrafía  
50 x 40 cm



Tamara Goberna  
*Branco e en botella: Leite, 2021*  
Serigrafía  
50 x 40 cm

a procura dunha desidentificación pasando por unhas inevitables clasificacións, empregando nestes casos a maquillaxe como modo de ocultación-mostrá; e un dinamismo intencionado.

**P: Por que decides traballar regularmente cuns corpos tan expresivos? Ten algo que ver co teatral da realidade?**

R: A vida é pureza, é pulcritude, pero tamén é caos e degradación. Eu simplemente tento, dende a miña experiencia e escaso coñecemento dela, dar a ver unha visión que normalmente está catalogada como fóra do convencional, cando é unha forma máis de expresión, como tantas outras.

En parte esta expresividade é unha maneira de mostrar a miña inconformidade ante un convencionalismo sistémico a moitos niveles vitais, ante unha estética primordial e, no caso do audiovisual, ante un cine “obxectivo”. É unha maneira de estar en desacordo con todo e con nada, con todos e con ninguén, de estar desconforme ata co meu propio traballo para poder reversionarme e evolucionar a unha nova forma de expresar as miñas novas inquiredanzas.

# ANDREA MOSQUERA (OURENSE, 1994)

@andreamosqueraguerrero



Autorretrato de Andrea Mosquera.

Andrea Mosquera expón desde a mirada do artista a posibilidade de habitar/deshabitar tanto o propio corpo como o espazo que este ocupa. Interésase polas relacións que se producen neses espazos e o baleiro que queda cando o corpo o abandona, dalgunha maneira neles permanecen partes invisibles debido ao seu paso e acción.

Este corpo á súa vez transfórmase e cuestiona a súa propia orixe de tal modo que trata de reconectar coa súa parte máis orgánica, é alí onde explora e establece novas maneiras de habitar.

A través da combinación de diferentes disciplinas como a fotografía, a escultura ou a instalación dun modo intuitivo, a artista reflexiona nas súas obras acerca de diversas cuestións, o concepto de habitar/deshabitar, a acción do ser humano sobre o medio, as relacións persoais e impersonais ou o paso do tempo.



*Porcións*

Habitar o espazo. O noso corpo situado nun escenario tan cotián como o é unha cama. Este aparece en repouso no momento do descanso, un acto íntimo que nos proporciona pracer e no que nos sentimos vulnerables.

O muro dun cuarto  
catro paredes limitando  
os corpos.

As sabas envolvéndo todo  
tapando os medos

Unha guarida  
entre catro paredes.

A cama  
o pracer

Os corpos en pausa.

O meu corpo  
e mailo teu.



Andrea Mosquera  
*Porcións*, 2021  
Fotografías analóxicas  
42 x 59,4 cm



*Memorias dunha casa*

O espazo ruinoso garda unha memoria consigo do que aconteceu nel, os obxectos que habitan neste tipo de espazos teñen unha gran carga emocional que nos conecta coas emocións máis profundas do noso ser.

A madeira

toca unha partitura ao camiñar

Algunhas veces asemella romper

outras rompe e quedo cravada nela.

Os zapatos do armario

levan trinta anos alí metidos

son do meu número.

Atopei uns poemas no salón

eran todos de amor.

Agora entendo tantas cousas.



Andrea Mosquera  
*Memorias dunha casa*, 2019  
Instalación  
300 x 300 cm



**Pregunta: En que medios te sentes máis cómoda traballando? Coas pezas escultóricas ou coas fotográficas?**

Resposta: Neste momento non podería definirme nun só medio, considero que traballo en varios á vez, atópome nun proceso de exploración. Si é verdade que coa fotografía levo traballando máis tempo pero unha vez aparece a escultura ábreñense novas formas de facer e con elas novos intereses, nalgunhas ocasións os novos medios que emprego son a suma varias prácticas que converxen nunha mesma como o é no caso da instalación e noutras xorden coa intención de experimentar co descoñecido e empezar dende cero como foi o caso da *performance*.

**P: As túas pezas son moi poéticas. Que te inspira á hora de traballar cos espazos baleiros?**

R: Considero que a poesía forma parte de case todas as miñas pezas, nela atopo un fío condutor no que se relacionan todos os elementos dun modo orgánico. O espazo baleiro para min ten unha forza brutal, fai alusión ao habitar / deshabitar, relaciónase co corpo, o que acontece nun lugar, as accións sobre o espazo, o rastro que deixa o corpo no propio espazo unha vez o abandona... Todo iso xunto con ese baleiro cargado de simbolismo.

A miña inspiración xorde a maioría das veces a través da observación dos propios espazos baleiros, como nun quebracabezas cada detalle do espazo é relevante, trato de ir reconstruíndo unha imaxe visual das accións que se levaron a cabo nese espazo, analizo os elementos que me vou atopando e o papel que puideron desempeñar nel. En moitas das ocasións nas que traballo con fotografía nestes espazos os resultados son espazos case teatraalizados, dan pé a imaxinarse a historia dese lugar, quen viviu nel...

**P: Atopas nas túas creacións algo de biográfico ou pola contra intentas falar dun sentimento común de ausencia?**

R: Ambas, en moitas ocasións o meu traballo fai alusión á ausencia, algunhas das miñas pezas son biográficas e o discurso destas serían as miñas propias vivencias con este estado, como me afecta, a súa orixe... Por outro lado a ausencia é a protagonista de pezas nas que se relaciona cun sentimento común, un espello no que podemos mirarnos tanto como sociedade como de maneira individual sen importar a nosa orixe, atravesa todas as barreiras e dalgún modo xera un sentimento de pertenza.



Andrea Mosquera  
Detalles de *Memorias dunha casa*, 2019  
Instalación  
300 x 300 cm





# LUCÍA PERDIZ (MUIÑOS, OURENSE, 1988)

@lucia\_perdiz



Autorretrato de Lucía Perdiz.

Traballa varios anos como técnica de efectos especiais participando en numerosas rodaxes de cine, en producións nacionais e internacionais. Estuda Escultura na Escola Mestre Mateo (Santiago de Compostela). A partir dese momento comeza a súa carreira como artista participando en concursos e proxectos, como o que a leva a instalación da peza *Itinere* no parque público de Belvís en Santiago de Compostela, nun proxecto comisariado por Oscar Aldonza. Amplía a súa formación en Reino Unido, aprofundando na cerámica e consegue unha residencia en Out of the Blue Out of the Blue Abbeymount Studios (Edimburgo).

Actualmente cursa o último ano do grao de Belas Artes na facultade de Pontevedra onde é bolseira da sala de exposición Profesor Manuel Moldes.

Crea dende a instalación, a escultura e o vídeo abordando conceptos como o traslado, o conflito e a alteridade. As súas pezas pertencen a espazos de tránsito, onde se mesturan os opostos; alterándose mutuamente por medio de intercambios e colisións. No seu traballo explora a relación entre materiais dispares e a través do ensamblaxe, trata de diluír a fronteira que os separa para crear unha nova realidade rica e complexa.



Lucía Perdiz  
20:20, 2020  
Fotogramas do vídeo  
Medidas variables  
Duración: 01:14:17



**Pregunta: Nós sabemos que habitúas a traballar máis coa escultura que co vídeo, pero tratas os mesmos temas nas túas pezas audiovisuais que nas pezas escultóricas?**

Resposta: Non fago diferenza entre medios, podería dicir que cando estou nun proxecto ou me intereso por un tema en concreto, utilizo indistintamente escultura, vídeo e debuxo. Para min, son ferramentas de traballo que se complementan unhas as outras e están todas elas, ao servizo da miña inquietude. Ollar un mesmo tema dende distintos medios achégame unha visión máis ampla e rica.

**P: Que vantaxes e desvantaxes lle atopas a estes dous medios, o escultórico e o videográfico? Transmíteche a mesma sensación traballar nun medio que noutro?**

R: A diferenza máis acusada é a inmediatez do medio audiovisual con respecto á escultura. O audiovisual permite capturar no momento aquilo que me chama a atención, tan só, coa axuda dunha cámara ou dispositivo móbil. Esta inmediatez e lixeireza é moi vantaxosa á hora de crear, sobre todo cando non dispoño de espazo ou me atopo de viaxe ou nos desprazamentos do día a día.

Porén, a escultura desenvólvese noutros tempos, require de repouso e

reflexión. O que lle outorga un peso e unha presenza ás pezas que vai moito máis aló do físico.

As sensacións son similares. A montaxe de vídeo articúlase dun xeito semellante a como traballo cos distintos materiais na escultura. Claramente prodúcese un paralelismo á hora de articular os distintos materiais, tanto sexan en escultura como en vídeo. En escultura traballo na ensamblaxe de diferentes materiais do cotián que atopo no meu contorno e que acaban por configurar unha peza. No audiovisual é o mesmo, xunto fragmentos capturados no día a día e a montaxe.

**P: A túa videocreación 20:20 é unha peza que fala das ganas de liberdade duns corpos nunha certa época. Que sensación che produciu crear este audiovisual para esta mostra?**

R: A peza xurdiu como unha necesidade de exteriorizar o desacougo e a rebeldía froito da situación actual. A presión social, as restricións e a desesperanza producen na sociedade unha sensación de opresión, que no meu caso buscaba ser canalizada e convertida en material artístico. O medio audiovisual pareceume o máis adecuado para reflectir o pulso do momento, a velocidade dos acontecementos, o bombardeo de imaxes e esa atmosfera densa e pesada dun tempo que asemella pesadelo.



Lucía Perdiz  
20:20, 2020  
Fotogramas do vídeo  
Medidas variables  
Duración: 01:14:17

## AUSENCIAS, ESENCIAS, PRESENCIAS

Esta exposición supuxo para as artistas e para nós un crecemento persoal e unha gran experiencia artística, xa que foi un gran traballo de equipo. As sinerxías entre disciplinas artísticas só fan sumar ao resultado artístico, deste xeito, podemos falar da arte dende distintas miradas e formas de entendemento producindo unha experiencia completa.

As artistas expresan a súa visión particular sobre o corpo reflexionando cos materiais escultóricos e as súas texturas, pero tamén o fan producindo imaxes en serigrafía e capturando e mesturando a realidade mediante o vídeo e a fotografía.

En *Ausencias, esencias, presencias* buscamos reflexionar sobre as ausencias da man de Andrea Mosquera, falando da casa baleirada; das esencias do corpo, a ánima e o espírito grazas a Raquel Álvarez e Lucía Perdiz, que nos amosan distintas formas de expresión do ser; e, por último, a presenza, poderosa, que só posúen os corpos libres e que reivindicán a súa personalidade individual sobre a que Tamara Goberna e Marina Aradas traballan.

Aldara Vázquez e Iris Rodríguez  
Comisarias



Fotografía grupal das artistas e comisarias.



# ALDARA VÁZQUEZ (VIGO, 2000)



Vigo, 2000  
aldara.vazquez.estevez@gmail.com  
@aldarave\_

Aldara Vázquez Estévez comezou a súa formación artística en 2016 cursando o bacharelato de Artes que rematou en 2018, ano no que tamén comeza a estudar o grao en Belas Artes, que está a rematar neste mesmo ano. A súa traxectoria artística xa conta con exposicións coma: Casa da Xuventude (2018), Sen Moldes III (2019), Mulleres (Rur) Urbanas (2020) e Amor, xénero e outras violencias (2021). Tamén conta con premios e bolsas que abalan a súa profesionalidade nos ámbitos académico e artístico: primeiro premio no concurso de pintura PintaTui (2017), Premio de Excelencia Académica Grao Xunta de Galicia (2020), bolsa de formación en centros universitarios na modalidade de Risografía (2021) e bolsa de colaboración en departamentos

universitarios, na que está a traballar na actualidade e, agora, o Premio de Intervencións Artísticas para a Zona C na modalidade de comisariado (2022). Artisticamente traballa sobre cuestións de xénero e arte téxtil.


# IRIS RODRÍGUEZ (VIGO, 1997)




Vigo, 1997  
irisrodriguezpi@gmail.com  
@iris\_troiteiro

Iris Rodríguez nace en Vigo. Dende temperá idade interésase polo mundo da arte e comeza a súa carreira artística participando en diversas mostras colectivas no Castelo de Soutomaior. Entre os anos 2016 e 2018 estuda na Escola de Arte Superior e Deseño Mestre Mateo o técnico superior de Artes Plásticas e deseño en Técnicas Escultóricas. Nese mesmo ano, como prácticas do ciclo superior, comisaría unha exposición na Galería Olalab, Pegadas na materia, en Santiago de Compostela. Actualmente cursa o derradeiro ano do grao en Belas Artes na Facultade de Pontevedra.





Compostela  
Cultura  
Artes visuais



CONCELLO DE  
SANTIAGO